

ELOS DE LECTURA

Andrea Maceiras, novelista


‘Nubes de evolución’, unha historia de casualidades, encontros e esperanza protagonizada por un triángulo moi especial

LAURA BLANCO CASÁS
CRPIH/LIJMI

Non é nada novo para Andrea Maceiras (A Coruña, 1987) facerse con galardóns a pesares da súa mocidade. As súas obras *Proxecto Bolboreta*, (2007), *Violeta Tamurana* (2010) e *O segredo do lagarto arnal* (2012) demostran o afirmado e preparan o terreo para a publicación da súa última novela de fronteira, *Nubes de evolución* (Xerais, col. “Fóra de Xogo”, 2013), que resultou finalista do Premio da Fundación Caixa Galicia 2011 e que, neste pasado ano, recibiu o favor da crítica, conseguindo o galardón na modalidade de Mellor libro de Literatura Xuvenil do 2013 da web Fervenzas Literarias.

Andrea Maceiras escolleu, desta vez, unha historia de casualidades, encontros e esperanza protagonizada por un triángulo moi especial: Amanda, Uxío e Luís. Todos narradores das súas respectivas historias que se cruzan nunha fría estación de autobuses para non separarse xamais. Todos marcados por dous elementos comúns: a soidade e o fracaso.

Ábrese a novela cunha cita rosaliana de Cantares gallegos –“Cóbreme unha espesa nube/ tal preñada de tormentas/ tal de soídas preñada/ que a miña vida envenena”– e parte do estribillo de ‘Angie’, de The Rolling Stones –“When will those clouds are disappear?”.



‘Nubes de evolución’, último traballo de Andrea Maceiras



A autora da novela

Amanda é unha brillante rapaza de dezanove anos, pluriempregada e cunha filla dun ano. Limpa a estación e ten unha vida ás súas costas máis propia dunha persoa adulta e responsable ca dunha moza, cunha vida social reducida a breves encontros coa súa nai, quen lle axuda a coidar, mentres ela traballaba, a súa pequena Ánxela.

Uxío é un mozo cunha vida familiar non recomendable, metido entre constantes pelexas dos seus

pais, e que vén de deixar unha relación un tanto tormentosa. E Luís é o home do paraugas, un profesor solitario trastornado psicolóxicamente desde a morte da súa muller.

Unha historia emocionante, cunha banda sonora inmellorable, que Andrea Maceiras vai enfiando gradualmente a través de diversos cadros narrados por cadanseu protagonista, mediante os que o lectorado descobre unha historia de personaxes imperfectos cuxas vidas se entrecruzan grazas a unha pintada nunha das plataformas de chegada de autobuses daquela frase do tema dos Stones que percorre toda a obra.

OS SPRIMEIROS ENCONTROS. O triángulo de personaxes, que nos seus primeiros encontros chegan a desprezarse, vai establecendo unha curiosa relación que pasenñamente se fortalece ata o punto en que esa estraña amizade supón algo moi importante para as súas vidas, algo que os empurrará a saír adiante, a crer no día a día e a reencamiñar, con gran esforzo, as súas vidas.

É esta unha novela de encontros que, na rutina cotiá, se convierten en pequenos aínda que importantes detalles para superar os desafíos.

Unha narración intelixentemente construída que sabe encandear o lectorado e mantelo atento ata o final esperanzador.

laurablancocasas@gmail.com